

1.- III Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

O xoves 20 de xuño de 2013 tivo lugar o acto de entrega de premios da III edición do concurso **Incubadora de Sondaxes e Experimentos**. Sobre este concurso falouse no programa **Efervescencia da Radio Galega** do día 22 de xuño (minuto 2):

Ligazón: <http://www.crtvg.es/rg/a-carta/efervescencia-efervescencia-do-dia-22-06-2013-613796>.

2.- III Fase Nacional “Incubadora de Sondeos y Experimentos”

Os días 3 e 4 de xullo de 2013 celebrouse en Santiago a III Fase Nacional dos concursos tipo **Incubadora de Sondeos y Experimentos**, coa participación de sete fases locais. Na categoría de ESO premiáronse dous traballos:

- *El sector bovino en el concejo de Valdés*. IES Carmen y Severo Ochoa de Luarca (Asturias).
- *Una competición estadística entre aviones de papel*. IES Juan del Villar de Arjonilla (Andalucía, Ceuta y Melilla).

Na categoría de Bacharelato e Ciclos Formativos o traballo gañador foi:

- *¿Tienen los jóvenes hábitos saludables?* IES Politécnico de Soria (Castilla y León).

3.- Concurso de análise estatístico SCE 2013

A *Societat Catalana d’Estatística* (SCE) convoca un **Concurso de Análise Estatístico** a fin de promover a actividade estatística e, ó mesmo tempo, mostrar as diferentes aplicacións e beneficios que pode aportar á sociedade en xeral o uso da estatística.

Poden participar a título individual todos os membros da SCE ou grupos de 2 persoas como máximo, con alomenos unha delas membro da SCE, independentemente da súa idade e o seu nivel de estudos. Aquelas persoas que non sexan membros da SCE e que queiran participar, necesitarán o apoio dun membro da sociedade para inscribirse.

A data límite para enviar os traballos é o 25 de setembro de 2013.

Máis

http://www.socestadistica.org/internal/UserFiles/Image/BasesConcursAnalisiEstatisticaSCE2013_cast.pdf

información:

4.- Palabrarrio estatístico de educaBarrié

Durante os meses de xullo e agosto suspendemos o envío das novas semanais da SGAPEIO, así como a incorporación de novos termos ao **Palabrarrio** de educaBarrié. No mes de setembro retomaremos estas dúas actividades.

Que pasedes un bo verán!

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>